



NORMAS PROVISIONAIS PARA A ELECCIÓN DE RECTOR E DE REPRESENTANTES NO CLAUSTRO UNIVERSITARIO.

PREÁMBULO:

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU) (BOE de 24 de decembro de 2001), establece, entre outras novidades, unha nova composición do Claustro Universitario (art. 16), tanto no número de membros, como na composición dos distintos sectores, así como unha nova modalidade de elección do Rector, caracterizada pola participación directa de todos os membros da comunidade universitaria a través dun sistema de voto ponderado (art. 20).

A disposición transitoria segunda da mesma LOU, regula a renovación do Claustro, establecendo que deberá constituírse no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da LOU, que tivo lugar o día 13 de xaneiro de 2002. Deste xeito coincide no tempo a nova elección imposta pola LOU, coa necesaria renovación do Claustro da USC elixido en 1998. Esta elección, deberá efectuarse xa conforme ó disposto na LOU, prevéndose que sexa a Xunta de Goberno a que aprobe as normas provisionais para a mesma.

As presentes normas, xa que logo, introducen as modificacións imprescindibles sobre o rexime vixente ata a entrada en vigor da LOU, para permitir a adaptación ó novo marco normativo, que serán as seguintes:

- Redución a 300 do número de membros do Claustro.
- Segregación do persoal docente e investigador en dous sectores: a) Profesorado funcionario doutor e b) outro persoal docente e investigador
- Determinación do número de claustrais correspondentes a cada sector, para o que se teñen en conta as porcentaxes ata agora vixentes coa única salvedade que o 65 % que correspondía a profesorado e axudantes se reparte agora do seguinte xeito: 51 % para funcionarios doctores, tal como impón a LOU, e 14 % para o resto do persoal docente e investigador.
- Fixación dos criterios para formar parte de cada un dos sectores con representación no Claustro, seguindo as liñas xa vixentes con anterioridade.
- Determinación das circunscripcions electorias e do sistema de reparto de postos en cada unha delas. A tal efecto, e dada a redución de membros do Claustro, resulta preciso acudir a circunscripcions de tamaño superior ós Centros salvo nos sectores de funcionarios doutores e de estudantes de primeiro e segundo ciclo. Polo que se refire o reparto de postos, para cada circunscripción, sempre que o número o permite, se establece un mínimo para cada circunscripción repartido o resto en función dos electores censados.

Polo que se refire á elección de Rector, establece a realización das mesmas simultaneamente coa elección de representantes no Claustro, A primeira volta celebrarase o día 21 de maio e, de ser precisa unha segunda votación, esta terá lugar o 28 do mesmo mes de maio. Ademais das datas, fíxanse tamen nestas normas a ponderación do voto dos distintos sectores da comunidade universitaria, mantendo as mesmas porcentaxes de representación previstas para o Claustro.

Por último, e dado que no prazo de 9 meses, a contar dende a constitución do Claustro, deberán terse aprobados unhas novos Estatutos, aplazanse ata ese momento as eleccións



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

para a renovación dos distintos órganos colexiados que deberían efectuarse neste ano 2002, para que, dese xeito, a renovación se efectúe axustando tales órganos de goberno ó disposto nos novos Estatutos.

As eleccións de cargos unipersoais que deban efectuarse con anterioridade á aprobación dos novos Estatutos faranse dacordo coa normativa vixente, aínda que resulta preciso tomar en consideración aqueles preceptos da LOU que resulten de aplicación inmediata.

DA ELECCIÓN DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO.

Norma 1

No prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da LOU procederáse á constitución dun novo Claustro integrado por 300 membros, repartidos entre os seguintes sectores:

- | | | | |
|---|------|-----|-------------|
| a) Profesorado funcionario doutor. | 51 % | 153 | claustrais. |
| b) Outro personal docente e investigador. | | | |
| a. Profesorado funcionario non doutor | 3 % | 9 | claustrais |
| b. Outro persoal a tempo completo | 9 % | 27 | claustrais |
| c. Outro persoal a tempo parcial | 2 % | 6 | claustrais |
| c) Estudiantes de primeiro e segundo ciclo. | 23 % | 69 | claustrais |
| d) Estudiantes de terceiro ciclo. | 5 % | 15 | claustrais |
| e) Persoal de Administración e Servicios. | 7 % | 21 | claustrais. |

Igualmente formarán parte do Claustro o Rector, o Secretario Xeral e o Xerente da Universidade.

Norma 2

Para ser electores e elegibles en cada un dos sectores, deberán cumprirse os seguintes requisitos

- a) Profesorado funcionario doctor.
 - Pertencer a corpos de funcionarios docentes establecidos pola lei, como funcionario de carreira ou de emprego interino, estando ademais na posesión do título de doutor.
- b) Outro personal docente e investigador.
 - A) Pertencer a corpos de funcionarios docentes establecidos pola lei, como funcionario de carreira ou de emprego interino, sen o título de doutor.
 - B) Estar contratado nalgunha das categorías establecidas legalmente ou que a Universidade estableza en virtude de súa autonomía, como persoal docente e/ou investigador, en situación de servizo activo e con destino na Universidade de Santiago a tempo completo.
 - C) Estar contratado nalgunha das categorías establecidas legalmente ou que a Universidade estableza en virtude de súa autonomía, como persoal docente e/ou investigador, en situación de servizo activo e con destino na Universidade de Santiago a tempo parcial.
- c) Estudiantes de primeiro e segundo ciclo.
 - Estar matriculado no curso en que se convocan as eleccións universitario nos centros propios da Universidade de Santiago de Compostela en calquera das ensinanzas oficiais de primeiro ou segundo ciclos que integran o sistema educativo
- d) Estudiantes de terceiro ciclo.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Estar a realiza-los programas do terceiro ciclo da Universidade de Santiago ou estar matriculado para a realización da tese de doutoramento nos tres anos seguintes ó remate do programa con dedicación a tempo completo acreditada polo departamento ou instituto.
- c) Personal de Administración e Servicios.
 - Pertencer a corpos, escalas ou prazas específicas de funcionarios de carreira, ou interinos en situación de servizo activo na Universidade de Santiago, ou ás categorías do persoal laboral establecidas no correspondente convenio colectivo ou na lexislación laboral de aplicación

Ningunha persoa poderá te-la condición de elector en dous ou máis sectores de representación distintos nin, dentro dun sector, en dúas ou máis circunscricións electorais. A falta de opción por parte do interesado, a adscripción será feita pola Comisión Electoral.

Norma 3

As circunscricións electorais serán as seguintes:

1. Profesorado funcionario doutor: A circunscrición electoral será o Centro.
2. Profesorado funcionario non doutor: En cada un dos campus de Santiago e Lugo, serán as grandes áreas sempre que nas mesmas existan electores.

CAMPUS DE SANTIAGO:

Ciencias da Saúde
Ciencias Experimentais.
Ciencias Sociais.
Humanidades.

CAMPUS DE LUGO

Ciencias Sociais.
Tecnoloxías.

3. Persoal docente e investigador a tempo completo: En cada un dos campus de Santiago e Lugo, serán as grandes áreas.

CAMPUS DE SANTIAGO:

Ciencias da Saúde
Ciencias Experimentais.
Ciencias Sociais.
Humanidades.

CAMPUS DE LUGO

Ciencias da Saúde
Ciencias Experimentais.
Ciencias Sociais.
Humanidades.
Tecnolóxicas.

4. Persoal docente e investigador a tempo parcial: Haberá unha circunscrición por cada gran área de coñecemento para a totalidade da Universidade

Ciencias da Saúde
Ciencias Experimentais.
Ciencias Sociais.
Humanidades.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tecnolóxicas

5. Estudiantes de primeiro e segundo ciclo: a circunscrición será o centro.
 6. Estudiantes de terceiro ciclo: A circunscrición será cada unha das grandes áreas.
 7. Persoal de Administración e Servizos: haberá dúas circunscricións electorais coincidentes cos Campus de Santiago e Lugo.
- A estes efectos as grandes áreas están integradas polos seguintes Centros:

FAC. Medicina e Odontoloxía
FAC. Farmacia
ESC. Enfermería - Santiago
FAC. Veterinaria (LUGO)
FAC. Bioloxía
FAC. Física
FAC. Matemáticas
FAC. Química
FAC. Ciencias
ESC. Óptica e Optometría
ESC. Relacións Laborais - Santiago
FAC. Admón. e Dir. Empresas - Lugo
FAC. CC. Económicas
FAC. CC. Da Comunicación
FAC. CC. Políticas
FAC. Dereito
FAC. CC. Da Educación.
FAC. Psicoloxía
ESC. F.P. E.X.B. - Lugo
FAC. Filoloxía
FAC. Filosofía
FAC. Xeografía e Historia
FAC. Humanidades (LUGO)
ESC. PS (LUGO)

Os criterios de censo nas distintas circunscricións electorais serán os seguintes::

- a) Profesorado: O profesorado, nas súas distintas modalidades estará censado no Centro que corresponda de acordo cos criterios vixentes aprobados pola Xunta de Goberno.
- b) Estudiantes de 1º e 2º ciclo: Estarán censados no Centro responsable da titulación ou titulacións na que se atopen matriculados.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- c) Estudiantes de 3º ciclo: Estarán censados no Centro correspondente á súa titulación de segundo ciclo e con carácter subsidiario, no centro no que teña a súa sede o departamento responsable do programa de doutoramento.
- d) O Persoal de Administración e servicios estará censado no campus no que se ubique o seu posto de traballo.

Norma 4

O reparto de postos a elexir entre as distintas circunscripcións efectuarao a Comisión Electoral Central, unha vez aprobado o censo definitivo, dacordo cos seguintes criterios:

- a) Profesorado funcionario doctor: Asignarase 1 posto por cada Centro repartíndose os restantes postos proporcionalmente en función do número de electores censados.
- b) Outro persoal docente e investigador. Profesorado funcionario non doutor: Asignaranse os postos a cubrir en función do número de electores censados en cada circunscripción garantindo cando menos un posto en cada circunscripción que teña electores censados
- c) Outro persoal docente e investigador. Persoal con dedicación a tempo completo. Asignaranse os postos a cubrir en función do número de electores censados en cada circunscripción garantindo cando menos un posto en cada circunscripción que teña electores censados..
- d) Outro persoal docente e investigador. Persoal con dedicación a tempo parcial: Asignaranse os postos a cubrir en función do número de electores censados en cada circunscripción garantindo cando menos un posto en cada circunscripción que teña electores censados
- e) Estudiantes de primeiro e segundo ciclo: Asignarase a cada centro un posto, repartíndose o resto en función do número de electores censados.
- f) Estudiantes de terceiro ciclo: Asignarase un posto por cada gran área, repartíndose o resto en función do número de electores censados en cada gran área.
- g) Persoal de Administración e Servicios: Repartiránse os postos a cubrir entre as dúas circunscripcións proporcionalmente ó número de electores censados en cada unha delas.

Norma 5

A efectos de votación, cada un dos Centros no caso de persoal docente e investigador e estudantes, ou circunscripcións no caso de persoal de Administración e servicios, constituirá un Colexio electoral, correspondendolle á Comisión Electoral Central o establecemento do número de mesas en función do número de electores censados no mesmo.

Norma 6

As eleccións celebraranse o día 21 de maio de 2001, correspondendolle a Comisión Electoral a fixación do calendario, de acordo co previsto no Regulamento Electoral Xeral, no momento da convocatoria das mesmas.

Norma 7

O Claustro Universitario actualmente constituido permanecerá ata a constitución do Claustro elexido dacordo con estas normas, entendéndose disolto nese mesmo momento, según o disposto na DT 2ª da LOU.

Norma 8



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A convocatoria de eleccións para o Claustro Universitario corresponderálle á Comisión Electoral Central.

Norma 9

En todo o non previsto nestas normas provisionais, e na medida en que non resulte contradictorio con elas, será de aplicación o disposto no Regulamento Electoral Xeral da USC.

DA ELECCIÓN DO RECTOR

Norma 10

Simultaneamente coa elección de representantes dos distintos sectores no Claustro Universitario procederase á elección de Rector de acordo co sistema previsto na LOU.

Norma 11

A elección de Rector levaráse a cabo a través de voto directo, universal e ponderado de todos os membros da comunidade universitaria.

Ningunha persoa poderá te-la condición de elector en dous ou máis sectores de representación distintos nin, dentro dun sector, en dúas ou máis circunscricións electorais. A falta de opción por parte do interesado, a adscripción será feita pola Comisión Electoral.

A ponderación de voto entre os distintos sectores será a seguinte:

- | | |
|--|------|
| a) Profesorado funcionario doctor: | 51 % |
| b) Outro personal docente e investigador | |
| a. Profesorado funcionario non doutor | 3 % |
| b. PDI a tempo completo | 9 % |
| c. PDI a tempo parcial | 2 % |
| c) Estudiantes de 1º e 2º ciclo | 23 % |
| d) Estudiantes de 3º ciclo | 5 % |
| e) PAS | 7 % |

Norma 12

Unha vez coñecidos o número de votos emitidos por cada un dos sectores a Comisión Electoral determinará a ponderación que debe efectuarse en cada sector para que a porcentaxe que represente sexa a establecida no apartado anterior.

Para a ponderación do voto nas eleccións a Rector a Comisión Electoral Central procederá do seguinte xeito:

1.- Unha vez coñecidos os votos válidamente emitidos a candidaturas do sector de profesores funcionarios doutores calcularase o número total de votos ponderados, tendo en conta que os votos do sector de profesores funcionarios doutores representan o 51 % do total.

$$VPT = VFD \times 100 / 51$$

2. Unha vez coñecido o número total de votos ponderados (VPT) calcularase o número de votos ponderados que corresponde a cada sector, aplicando as porcentaxes atribuídas a cada un deles.

$$VFPD = VFD$$

$$VPPFND = VPT \times 0.03$$

$$VPPDITC = VPT \times 0.09$$

$$VPPDITP = VPT \times 0.002$$



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

$$VPE\ 1^{\circ}\text{-}2^{\circ} = VPT \times 0.23$$

$$VPE\ 3^{\circ} = VPT \times 0.05$$

$$VPPAS = VPT \times 0.07$$

3.- Coñecidos os votos ponderados que corresponden a cada sector, calcularase o coeficiente que debe aplicarse ós votos realmente emitidos en cada sector, utilizando catro decimais. Este coeficiente de ponderación nunca poderá ser superior a 1.

$$\% \text{ ponderación PFND} = VPPFND/VPFND$$

$$\% \text{ ponderación PDITC} = VPPDITC/VPDITC$$

$$\% \text{ ponderación PDITP} = VPPDITP/VPDITP$$

$$\% \text{ ponderación E } 1^{\circ}\text{-}2^{\circ} = VPE\ 1^{\circ}\text{-}2^{\circ}/VE\ 1^{\circ}\text{-}2^{\circ}$$

$$\% \text{ ponderación E } 3^{\circ} = VPE\ 3^{\circ}/VE\ 3^{\circ}$$

$$\% \text{ ponderación PAS} = VPPAS/VPAS$$

4.- Os votos ponderados totais de cada candidatura será o resultado da seguinte fórmula.

$$VPTa = VFDa + (VPFNDa \times \%PFND) + (VPDITCa \times \%PDITC) + (VPDITPa \times \%PDITP) + (VE1^{\circ}\text{-}2^{\circ}a \times \%E\ 1^{\circ}\text{-}2^{\circ}) + (VE3^{\circ}a \times \%E\ 3^{\circ}) + (VPASa \times \%PAS)$$

En cada sector o número de votos redondearase á unidade máis próxima tendo en conta os seguintes criterios: Se o primeiro decimal fose 5 ou inferior a 5 manterase a mesma unidade. Se o primeiro decimal fose superior a 5 redondearase a unha unidade superior.

Norma 13

Será precisa unha segunda votación no caso de que ningún candidato acade a maioría absoluta dos votos válidamente emitidos a candidaturas, logo da súa ponderación.

Esta segunda votación, na que participarán os dous candidatos que teñan obtido máis votos, celebrarase, de selo caso, o día 28 de maio..

Norma 14

A convocatoria de eleccións a Rector corresponderálle á Comisión Elcctoral Central.

Norma 15

Ademáis do apoio institucional a través de recursos técnicos e materiais (acceso a páxina web, xornal electrónico, etc), e como axuda institucional para afrontar os custos electorais, cada candidato recibirá unha asignación fixa de 6.000 euros. No caso de que o candidato non acadase o 15 % dos votos ponderados, a axuda reduciráse a 3.000 euros. O cobro da axuda institucional requirirá a acreditación dos gastos en que incurriu o candidato.

A axuda institucional resulta incompatible con calquera outra financiación pública ou privada.

OUTRAS DISPOSICIONES

Norma 16

As eleccións para a renovación dos restantes órganos colexiados que deberían efectuarse no segundo cuatrimestre deste curso pospoñense ata a aprobación dos novos Estatutos da Universidade, nos que se regulará a súa composición.

Prorroganse polo tanto ata ese momento os mandatos dos representantes dos seguintes órganos e sectores:

Xuntas de Centro:

- a) Estudiantes de primeiro e segundo ciclo
- b) Estudiantes do terceiro ciclo.
- c) Bolseiros e persoal investigador con docencia no Centro.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- d) Persoal de Administración e Servicio.
- e) Profesorado contratado a tempo parcial

Consellos de Departamento:

- a) Estudiantes de primeiro e segundo ciclo
- b) Estudiantes do terceiro ciclo.
- c) Bolseiros e persoal investigador .
- d) Profesorado contratado a tempo parcial

Norma 17

No prazo de seis meses a contar dende a constitución do Claustro constituirase un Consello de Goberno provisional, coa seguinte composición:

- O Rector que o presidirá.
- O Secretario Xeral , que o será tamén do Consello de Goberno.
- O Xerente:
- 15 membros designados polo Rector.
- 20 membros elixidos polo Claustro entre os seus membros en representación dos diferentes sectores:
 - o 6 profesores funcionarios doctores, garantindo a presenza dos dous campus
 - o 2 do restante persoal docente e investigador.
 - o 7 alumnos de primeiro e segundo ciclo.
 - o 2 estudante de terceiro ciclo.
 - o 3 P.A.S.
- 15 membros elixidos entre Decanos, Directores de Centro, Directores de Departamento e de Institutos de Investigación repartidos do seguinte xeito:
 - o 7 Decanos
 - o 7 Directores de Departamento.
 - o 1 Director de Instituto.
 - o Dentro dos representantes de Decanos e Directores de Departamento deberá garantirse a presenza de representantes dos dous Campus (Lugo e Santiago), así como das cinco grandes áreas de coñecemento.
- Ademais formarán parte do Consello de Goberno 3 membros do Consello Social non pertencentes á Comunidade Universitaria.

Norma 18

Os cargos unipersoais que deban renovarse con anterioridade a entrada en vigor dos novos Estatutos da Universidade serán elixidos dacordo coa normativa actualmente vixente, tendo en conta as disposicións da LOU que resulten de aplicación.

MODIFICACIONES DO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL DA UNIVERSIDADE

Norma 19

Dase nova redacción ós seguintes artigos do Regulamento Electoral Xeral da Universidade, nos seguintes termos:



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Art. 13.4: A condición de membro da comisión electoral é incompatible coa condición de candidato a cargos unipersoais, membro de mesa electoral ou interventor. No caso de que os membros da Comisión electoral fosen á vez candidatos a órganos colexiados non poderán intervir naquelas cuestións que lles afecten directamente.

Artigo 16.2

“No caso da Comisión Electoral Central, para que a reunión se celebre válidamente deberán concurrir en primeira convocatoria a metade dos seus membros, debendo figurar entre eles o Presidente e o Secretario, ou persoas que os substitúan. En segunda convocatoria, bastará a presenza de un tercio dos seus membros, sempre que asistan o Presidente e o Secretario, ou quen os substitúan.”

Dilixencia: para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2002, acordou, aproba-las presentes "**Normas provisionais para a elección de Rector e de representantes no claustro universitario**". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2002


Vº e Pr.

O RECTOR

Por R.R. do 28/02/20002


O Vº de Relacións Exteriores e

Proxección Universitaria



Fernando Domínguez Puente

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada